

IV. ENTIDADES LOCAIS

CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES DE OURENSE

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS EN MATERIA DEPORTIVA DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES.

Expediente: 321/2025

Anuncio de aprobación das bases reguladoras da convocatoria de subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes (Exp.: 321/2025).

Por medio do presente anuncio publícase que por Acordo do Consello Reitor do 12.06.2025, aprobáronse as bases reguladoras da convocatoria de subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes que, de seguido, se reproducen na súa literalidade:

“Bases reguladoras da convocatoria de subvencións en materia deportiva do Consello Municipal de Deportes (CMD)

O CMD de Ourense ten entre os seus obxectivos a promoción e o fomento da educación física e o deporte, especialmente o deporte base e o deporte de competición, de acordo cos seus estatutos e a lexislación de réxime local e deportiva. Así mesmo, o CMD é competente para aprobar as bases reguladoras de subvencións en materia deportiva.

Base 1ª. Obxecto

Constitúe o obxecto das presentes bases a regulación da concesión de subvencións con cargo ao orzamento do CMD de Ourense en materia deportiva, en réxime de concorrencia competitiva, conforme co recollido no Plan estratéxico de subvencións en vigor aprobado polo Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes.

Baseándose na súa finalidade distínguense tres liñas de actuación:

Liña 1. Organización de actividades deportivas federadas e outras actividades de especial transcendencia social que contribúan á promoción deportiva no período comprendido entre o 1 de novembro do ano precedente e o 31 de outubro de cada exercicio orzamentario.

Liña 2. Gastos de funcionamento das entidades deportivas por participación ou organización de competicións e actividades federadas de carácter oficial, na tempada ou anualidade contemplada na convocatoria.

Liña 3. Apoio aos clubs deportivos de elite que participen en competicións oficiais de máxima categoría nacional de deporte non profesional.

As axudas recollidas nestas bases incardínanse no réxime de axudas de minimis establecido no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea as axudas de minimis (DOUE L 352, do 24 de decembro de 2013).



Base 2ª. Financiamento

A concesión das subvencións, que constitúen o obxecto destas bases reguladoras, estará limitada ao crédito máximo dispoñible na aplicación orzamentaria 3410.48010 do orzamento do CMD para cada exercicio económico.

Base 3ª. Convocatoria anual

A convocatoria anual establecerá os importes máximos de cada unha das liñas de financiamento, importes que poderán ser ampliados no caso de existencia de crédito na aplicación orzamentaria no momento da resolución, ao abeiro do disposto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, sen que esta circunstancia dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

A Convocatoria anual poderá acollerse á tramitación anticipada de gasto, segundo o disposto no RD 887/2006, do 21 de xullo, que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións [art. 56] e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro que aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia [art. 25].

No suposto anterior, con base na normativa orzamentaria relativa aos expedientes de tramitación anticipada de gasto, a concesión das correspondentes axudas quedará sometida, en todo caso, á condición suspensiva da existencia de crédito idóneo e suficiente no orzamento do CMD no momento de acordar as respectivas resolucións de concesión.

Base 4ª. Entidades beneficiarias e requisitos

Poderán ter a condición de entidades beneficiarias as entidades que se sinalan e que cumpran os requisitos que se indican para cada unha das liñas:

Liña 1

1. As federacións deportivas

2. Clubs ou entidades deportivas do municipio de Ourense inscritos/as no Rexistro de Asociacións Deportivas Municipais antes da data de publicación do extracto da convocatoria anual de subvencións no BOP.

Liña 2.

1. Clubs ou entidades deportivas do municipio de Ourense inscritos/as no Rexistro de Asociacións Deportivas Municipais antes da data de publicación do extracto da convocatoria anual de subvencións no BOP.

Liña 3.

1. Clubs ou entidades deportivas do municipio de Ourense inscritos/as no Rexistro de Asociacións Deportivas Municipais antes da data de publicación do extracto da convocatoria anual de subvencións no BOP.

2. Participar con equipos de categoría absoluta ou sénior durante a tempada deportiva que corresponda ao ano da convocatoria, en competicións de máxima división, organizadas ou recoñecidas pola federación española ou internacional correspondente. Exclúense máximas divisións estatais de tipo profesionais.



En desenvolvemento do punto 2 anterior téñense en conta as seguintes consideracións sobre a tipoloxía de competicións que permiten o acceso a esta liña 3:

- Por equipos. Ligas oficiais de primeiro, segundo ou terceiro nivel estatal que se celebren polo sistema de liga regular, organizada ou recoñecida pola federación española correspondente, de participación obrigatoria para un número de clubs pechado, con sistema de ascenso e descenso respecto á división inmediata inferior.

- Deportes individuais. Ligas estatais oficiais de máxima división que se realicen por sistema de liga en que a competición non se realiza en concentración, senón por un sistema de competición que se fai en varias xornadas separadas no tempo e integradas por clubs que ascenden ás máximas categorías estatais a tempada anterior ou permanezan nesta, clasificados polos seus resultados deportivos e traxectoria da tempada. A competición de liga ten que ser convocada como tal, con normativa propia e rango de competición de máximo nivel estatal, e supón a inscrición regulamentada dos clubs nesta e a participación obrigatoria nas xornadas. Non teñen consideración para os efectos desta convocatoria, independentemente da denominación de liga, as clasificacións conxuntas para participar en diferentes competicións específicas, diferentes categorías, suma de medallas ou méritos similares.

- Participar con equipos de categoría absoluta ou sénior durante a tempada deportiva que corresponda ao ano da convocatoria, en Campionatos-Copas de España de clubs de categoría absoluta de máximo nivel. Teñen que ter obtido nestes campionatos, durante o ano anterior ao da convocatoria, na clasificación final un posto do 1 ao 6, en modalidade olímpica ou paralímpica, ou do 1 ao 4 para o resto das modalidades. Estas competicións teñen que estar reguladas por unha normativa específica da federación española correspondente que concrete a composición exacta dos equipos de clubs, a súa composición e condicións iguais para todos estes, e un sistema de obtención de resultado final que dea lugar ao título oficial de Club Campión de España por clubs. Non teñen esta consideración os campionatos que sexan de competición individual nos que se publiquen clasificacións oficiosas de clubs, autonomías, categorías, etc., ou nos que se obteña unha clasificación por clubs con base nunha participación aberta ou que inclúa participantes de diferentes categorías por idade. Estes campionatos de España teñen que rexistrar en categoría absoluta e en divisións estatais un mínimo de participación de oito equipos e catro comunidades autónomas.

- Participar con equipos de categoría absoluta ou sénior durante a tempada deportiva que corresponda ao ano da convocatoria, en Campionatos-Copas de Galicia de clubs de categoría absoluta de máximo nivel. Teñen que ter obtido nestes campionatos, durante o ano anterior ao da convocatoria, na clasificación final un posto do 1º en modalidade olímpica. Estas competicións teñen que estar reguladas por unha normativa específica da federación autonómica correspondente que concrete a composición exacta dos equipos de clubs, a súa composición e condicións iguais para todos estes, e un sistema de obtención de resultado final que dea lugar ao título oficial de Club Campión de Galicia por clubs. Non teñen esta consideración os campionatos que sexan de competición individual nos que se publiquen clasificacións oficiosas de clubs, autonomías, categorías, etc., ou nos que se obteña unha clasificación por clubs con base nunha participación aberta ou que inclúa participantes



de diferentes categorías por idade. Estas Copas de Galicia teñen que rexistrar en categoría absoluta, un mínimo de participación de oito equipos provenientes de toda as provincias galegas.

- Entidades que posúan 8 deportistas como mínimo, con licenza federativa do club solicitante que resultasen medallistas en Campionatos de España único por modalidade en deportes individuais. Considérase campionato de España a competición única de máxima categoría respecto ao seu nivel técnico. Non se consideran por separado competicións e xornadas ou clasificacións que forman parte deste e que se teñen en conta na súa clasificación final. Estas inclúiranse na valoración por campionato de España único por modalidade, en categorías mínimas sub'18 ou sub'17 segundo o deporte. Só se valorarán aquelas competicións con participación mínima de 8 participantes por categoría e disciplina provenientes de polo menos catro comunidades autónomas distintas.

Non poderán participar na convocatoria e serán excluídas aquelas entidades deportivas que se atopen nalgunha das seguintes circunstancias:

1. Entidades que teñan cantidades pendentes de reintegro procedentes de subvencións anteriores.
2. En xeral, todas aquelas entidades incursoas nalgunha das causas previstas na Lei 38/2003, do 13 de novembro, Xeral de Subvencións (art. 13) e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (art. 10) ou normativa que as substitúa.
3. Aquelas entidades que presenten solicitude pola liña 1 para actividades promovidas ou organizadas polos órganos competentes da Xunta de Galicia, Deputación de Ourense ou outras entidades públicas.
4. As entidades sancionadas en firme por infracción moi grave por órganos de xustiza deportiva.
5. As entidades que contén cunha subvención baixo a modalidade de concesión directa prevista no Orzamento deste organismo autónomo quedarán excluídas da participación nas convocatorias por concorrencia competitiva reguladas nestas bases sempre que o obxecto da subvención sexa o mesmo. Esta exclusión alcanzará a toda entidade vinculada por calquera relación de dependencia ou control.

A acreditación para obter a condición de entidade beneficiaria, segundo o artigo 13 da Lei 38/2003, realizarase a través da presentación dunha declaración responsable que está incluída na solicitude de subvención que se recolle como anexo II destas bases, e o resto dos requisitos débense acreditar cos informes da federación autonómica e nacional de ser o caso (anexo IX). Estes anexos xúntanse a estas bases e publicáranse coa convocatoria anual correspondente.

Base 5ª. Solicitude de participación na convocatoria anual e documentación

A convocatoria anual de subvencións ao abeiro das bases será aprobada polo Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes. Unha vez aprobada será publicado un extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense a través da Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) en cumprimento do que recollen os artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As solicitudes, xunto coa documentación adxunta, dirixiranse á Presidencia do Consello Municipal de Deportes, presentándoas obrigatoriamente de forma telemática e conforme aos modelos ou anexos recollidos nestas bases, e realizarase exclusivamente a través da sede electrónica do Con-



sello Municipal de Deportes na seguinte dirección: <https://deportesourense.sedelectronica.gal>, de acordo co que determina o artigo 14 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Conforme ao devandito artigo, todos os trámites relativos a este procedemento realizaranse por medios electrónicos a través da sede electrónica do CMD.

As solicitudes e demais modelos da convocatoria estarán dispoñibles na sede electrónica do CMD.

A presentación da solicitude implicará que se autoriza o Consello Municipal de Deportes ao tratamento automatizado de todos os datos contidos nela.

Todas as notificacións realizaranse exclusivamente polo seguinte medio:

Notificación electrónica por comparecencia na sede electrónica do Consello Municipal de Deportes (<https://deportesourense.sedelectronica.gal>). Este sistema remitiralle aos interesados os avisos da posta a disposición das notificacións, mediante un correo electrónico dirixido á conta de correo que conste na solicitude para os efectos de notificación. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación efectuada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida. As notificacións por medios electrónicos entenderanse efectuadas no momento no que produza o acceso ao seu contido e entenderanse rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

A documentación que se presentará con carácter xeral comprenderá:

1. Documentación preceptiva de achega obrigada en modelos normalizados segundo os anexos das bases que se indican:

a) Solicitude individualizada asinada polo/a petionario/a ou, no caso de persoas xurídicas, polo/a representante legal debidamente acreditado/a, con indicación de dirección electrónica e postal, número telefónico, para os efectos de notificacións e comunicacións (anexo I).

b) Declaración responsable de non estar incurso/a nas prohibicións para obter a condición de beneficiario/a e reunir os requisitos de ser o caso para concorrer na Liña 3 (anexo II).

c) Declaración responsable de non ser debedor/a coa facenda estatal, autonómica e local, e á Seguridade Social (anexo III), autorizando ao CMD a pedir os certificados correspondentes ante o Concello de Ourense para a comprobación de débedas.

d) Orzamento de ingresos e gastos da actividade, con expresión do financiamento previsto (anexo IV). O orzamento inicial deberá de vir equilibrado (ingresos = gastos), e coincidir o importe imputado ao CMD, coa solicitude do anexo I.

e) Compromiso firme de comunicarlle ao CMD a concesión de calquera outra axuda ou subvención, de entes públicos ou persoais, para a mesma finalidade, no momento no que a coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da subvención outorgada. (Anexo II).

f) Autorización para recibir avisos de notificacións por correo electrónico no enderezo electrónico facilitado no anexo III. De non presentar dirección electrónica, non se lle comunicará de xeito individual á devandita entidade, publicitándose a información no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Consello Municipal de Deportes (<https://deportesourense.sedelectronica.gal>).



g) Memoria onde se indique de forma separada os seguintes extremos en función da liña á que se opte:

Liña 1. Memoria a presentar para solicitude da Liña 1.

1. Obxectivos que se pretender conseguir e interese xeral da actividade no ámbito municipal, lugar de celebración, datos da organización do evento, planos/bosquexos do percorrido, protocolo e medidas de seguridade, ...

2. Número de beneficiarios, directos e indirectos (estimación vía RRSS, prensa, etc.)

3. Modalidade feminina, de ser o caso.

4. Participación de categorías bases, cuantificar en tanto por cen de concorrer varias categorías (<18 a.).

5. Formación e divulgación deportiva na contorna de actuación.

6. Volume de subvencións concedidas á actividade para a mesma finalidade.

7. Ámbito territorial dos participantes.

8. Presentación, se fose o caso, dos permisos preceptivos para a organización do evento, seguros de responsabilidade civil, accidentes e outros permisos obrigatorios para a organización do evento, ou compromiso de presentalos antes da organización do evento subvencionado.

9. Mostra da visualización, ou plan de comunicación cos logotipos do Consello Municipal de Deportes-Concello de Ourense en todos os soportes empregados para a difusión do evento: RRSS, cartelaría, prensa,

10. Visualización ou plan dos distintos actos de difusión e protocolos institucionais do evento (presentación, comunicacións, cerimonia de premios, ...), onde se porá de manifesto que se trata dunha actividade subvencionada polo CMD-Concello de Ourense.

Liña 2-3. Memoria a presentar para solicitude da Liña 2-3.

1. Obxectivos do club.

2. Actividades/seccións. Organigrama deportivo.

3. Organigrama, funcións dos distintos membros da Xunta Directiva.

4. Outras actividades e proxectos de interese dedicadas ao fomento e promoción do deporte e da saúde. Proxectos de atención á diversidade, de deporte inclusivo, e campañas de difusión da entidade desenvolvidas no período subvencionado ou colaboración con outras entidades para a consecución destes obxectivos.

5. Accións ou actividades de integración, igualdade e eliminación da violencia do deporte. Escolas de país.

6. Difusión da actividade en redes sociais, así como do apoio da entidade subvencionadora á actividade desenvolvida.

7. Cuantificación do impacto directo indirecto da actividade desenvolvida en termos económicos e de masa social.



h) Modelo normalizado anexo IX debidamente certificado pola Federación Deportiva correspondente na que expresamente se indique:

- Número de equipos, categoría e ámbito territorial da competición.

- Número de licenzas federativas durante a tempada obxecto da subvención por equipo no que se indique a categoría e cales pertencen á categoría feminina, especificando o ámbito territorial da licenza (provincial, autonómico ou nacional). De non figurar o territorio da competición considerárase categoría provincial. No caso de que a tempada coincida coa anualidade, xuntárase tamén o número de licenzas tramitadas na tempada anterior.

- Número de técnicos con licenza federativa neste estamento para a tempada obxecto da subvención e nivel ou categoría destes.

i) Calendario oficial de competición certificado pola federación, facendo só referencia ás competicións nas que participaron equipo/s ou participantes, participan ou disputarán, pertencentes ao club que efectúa a solicitude. Os clubs incluídos na liña 3 deberán facer unha referencia explícita e por separado, achegando tamén o calendario de competición obxecto de valoración.

2. Documentación potestativa para a valoración:

Esta documentación non é preceptiva para a participación na convocatoria, pero definirá a valoración no proceso de baremación.

a) Copia do contrato laboral, de ser o caso, dos/as técnicos/as da entidade que teñan como mínimo estipulado no seu contrato 10 ou máis horas semanais e 6 meses ou máis de duración durante o período obxecto de subvención. Achegar as titulacións dos técnicos, no caso de ser licenciados ou Grao en Ciencias da Actividade Física e o Deporte, ou estar en posesión de titulacións deportivas ou académicas vinculadas a familia de actividade física e deporte.

b) Declaración responsable na que se indique a previsión inicial de desprazamentos e días de aloxamento no modelo normalizado do anexo V, axustándose estritamente aos requisitos da Base 7ª, Liña 2, punto e) e ligas contempladas na Liña 3 das presentes bases.

c) Certificado do/a secretario/a do Centro Educativo de Primaria/Secundaria, co visto e prace do director, especificando o número de participantes, data de comezo e final da escola, lugar e horario da actividade. De non figurar algún destes datos, este apartado non será tido en conta.

d) Informe do/a traballador/a social de referencia, acreditando estar nun programa de incorporación socio-laboral, e que a renda per cápita da unidade de convivencia non supere os límites establecidos na Ordenanza Reguladora de Axudas Económicas Municipais para a atención de necesidades sociais (BOP 30/9/2015) acompañado da declaración responsable do pai/nai ou titores de non satisfacer ingresos ao club e certificado federativo da licenza federativa do deportista:

- Familia de 1 membro: 75% do SMI.

- Familia de 2 membros: 85% do SMI.

- Familia de 3 membros: 95% do SMI.

- Familia de 4 membros: 105% do SMI.

- Incrementándose un 10% do SMI por cada membro máis da unidade familiar.



e) Actividades de promoción: participantes por cada actividade de promoción, xornadas de portas abertas, formación e divulgativas ou escolas deportivas, e se son de carácter gratuíto. Non se valorarán de non figurar o número de participantes, data e instalación onde se efectuou, número de monitores dedicados á actividade, horarios e duración da actividade. Expor os medios e soportes empregados para a difusión do evento.

f) Informe coas tarefas de mantemento, reparación asumidas/equipamento deportivo non funxible adquiridos. Mantemento básico das instalacións (acreditadas con factura máis informe), facturas de equipamento a nome/CIF do ente solicitante. Achegar no informe tamén as tarefas de apertura/peche das instalacións.

g) Proxecto ou Plan de integración e certificado federativo das persoas con discapacidade no Club, da pertinente federación de deportes adaptados, describindo o seu encaixe na estrutura deportiva e asignación de medios humanos e materiais para a súa atención.

h) Informe emitido pola Coordinación Deportiva do CMD no que figure, evento por evento organizado polo Consello Municipal de Deportes, no que colaborou o club e número de colaboradores aportado.

i) Contrato/convenio de uso/aluguer de instalacións deportivas non municipais e facturas derivadas deste contrato, segundo as condicións esixidas na Base 7ª, Liña 2 punto i) e na Liña 3 punto m).

Base 6ª. Presentación de solicitudes. Prazos e lugar de presentación

Non será necesario presentar aquela documentación que se atope en poder do CMD sempre que se manifeste que non sufriu variación, de acordo co anexo III.

A presentación da solicitude implica:

- A aceptación incondicional das bases reguladoras e da convocatoria anual.
- A aceptación incondicional dos requisitos e deberes que conteñen as bases e a convocatoria.
- Autorización ao órgano que concede para solicitar as certificacións ao Concello de Ourense.
- Autorización implícita ao CMD para tratar a información persoal e deportiva nas distintas fases de tramitación.

Os prazos de presentación das solicitudes de participación serán os seguintes:

- Liña de actuación 1: desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no BOP ata o 31 de outubro de cada ano.
- Liña de actuación 2 e liña de actuación 3: 30 días naturais, que contarán desde o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOP.

Base 7ª. Criterios valoración

Valoraranse os seguintes aspectos:

Liña 1 (Actividades)

- Interese xeral da actividade no ámbito municipal.
- Ámbito e categoría territorial dos participantes.



- Número de eventos dese deporte subvencionados no período subvencionable.
- Número de persoas beneficiarias directas e indirectas do evento. Cuantificación de impacto económico.
- Modalidade deporte adaptado. Inclusividade do evento a persoas con diversidade funcional.
- Participación de categorías base.
- Formación e divulgación deportiva.
- Volume de subvencións concedidas á actividade para a mesma finalidade.
- Nivel de autofinanciamento, consecución de patrocinios privados.
- Emprego do galego na comunicación e desenvolvemento da actividade.
- Promoción de valores deportivos, sociais, de fomento de hábitos saudables e prevención da violencia no deporte.
- Carácter tradicional da modalidade deportiva ou do evento na contorna.
- Protagonismo institucional do CMD dentro da actividade.

Liña 2 (Funcionamento entidades deportivas de promoción).

Para os efectos de determinar o importe das axudas serán de aplicación os seguintes criterios e ponderacións:

a) Relevancia da modalidade e nivel de competición nas que participen os equipos ou deportistas do club.

Ponderación criterio: 7

Baremo: a asignación realizarase por cada dez deportistas individuais [núm. Deportistas /10].

Categoría	Valor
Estatal	12
Autonómica	6
Provincial	3

b) Número de deportistas ata a categoría xuvenil, sub'18, sub'19 segundo disciplina (máximo 18 anos).

Ponderación criterio: 26

Baremo: [núm. licenzas/10 = núm. puntos]

c) Número deportistas de categoría feminina

Ponderación criterio: 8

Baremo: [núm. licenzas/10 = núm. puntos]

d) Número de persoal técnico titulado con licenza federativa en vigor

Ponderación criterio: 13



Baremo:

Técnicos/as nivel III = 6 puntos

Técnicos/as nivel II = 4 puntos

Técnicos/as nivel I = 2 puntos

Técnicos/as con contrato laboral = 6 puntos a maiores dos que alcance pola titulación.

e) Desprazamentos e aloxamento para competicións oficiais federadas, ligas, distancia e número de deportistas desprazados.

Ponderación criterio: 10

Baremo: [media de deportistas desprazados * núm. de quilómetros / 1000 = núm. de puntos]*

As pernoctacións en competicións que se organicen de máis dun día (máximo 5) e se contemple unha distancia de cando menos 500 km ida/volta terán un incremento de 0,5 puntos por xogador/a. Valórase o número dos deportistas desprazados. Non se computará máis que unha participación por deportista e por semana.

Só se computarán os desprazamentos realizados a máis de 60 quilómetros do termo municipal de Ourense con motivo de competicións oficiais federadas. As competicións que se valorarán serán ata categoría absoluta incluíndo as seguintes: Ligas regulares federadas, campionatos federados galegos, nacionais, europeos ou mundiais, Copas federativas de Galicia ou España, Probas puntuables para campionatos nacionais/internacionais.

f) Actividades de promoción, portas abertas e fomento do deporte, non subvencionadas na liña 1 do CMD.

Ponderación criterio: 2

Baremo:[media de participantes por tipo actividade = núm. puntos]

g) Promoción de escolas deportivas en centros educativos da contorna durante polo menos 6 meses de duración do curso escolar.

Ponderación do criterio: 4

Baremo: 50 puntos por centro educativo

h) Autofinanciamento:

Ponderación criterio: 19

Baremo: [achegas propias / custo total actividade / 0,05 = número de puntos + 0,5 Punto cada 5.000 euros de achegas propias].

i) Contribución á mellora, mantemento, xestión de instalacións municipais, aluguer de instalacións deportivas non municipais e adquisición de equipamentos.

Ponderación criterio: 5

Baremo: ata un máximo de 400 puntos por entidade

Neste punto valorarase o compromiso dos clubs a maiores da apertura/peche de instalacións deportivas municipais e tarefas de mantemento dos espazos que utilicen habitualmente (memo-



ria-proxecto onde figuren as tarefas e compromisos que asumen no proxecto). Aluguer de instalacións deportivas non municipais, plasmarase a través dun convenio ou contrato e xustificarse en facturas entre o arrendador e o arrendatario. Non existirá vinculación nin xurídica nin deportiva entre as dúas partes. Para estes efectos non poderá coincidir ningún dos datos sociais entre ambos. Compensarase a razón de 20 puntos por cada 300 € de gasto debidamente acreditado. Adquisición de equipamento deportivo non funxible (inventariable) para o desenvolvemento da actividade deportiva. Este equipamento deberá poñerse a disposición do CMD, no caso de que puntualmente o poida precisar. (Presentación de factura oficial, a razón de 20 ptos. por cada 400 € de investimento).

l) Gastos orixinados pola promoción deportiva entre persoas en risco de exclusión social debidamente acreditadas.

Ponderación criterio: 4

Baremo: 6 puntos por cada deportista menor de 18 anos en risco de exclusión social no que os gastos da tempada corran a conta do club (licenza, viaxes, cotas, equipamentos deportivos de competición, etc.).

m) Varios.

Acoller persoas con discapacidade. Número licenzas federativas + Proxecto - Memoria de integración e ou inserción. (20 puntos por deportista integrado no plan e federado).

Colaboración en eventos organizados polo CMD, ata un máximo de 50 puntos por cada evento no que colaboren. Debidamente acreditado pola coordinación deportiva do CMD.

Ponderación criterio: 2

Baremo: ata un máximo de 400 puntos por entidade.

A cada entidade seralle asignada como puntuación total o sumatorio de produtos derivados da ponderación polos puntos baremados en cada criterio.

O importe económico do punto virá determinado polo cociente entre a dotación económica e a suma total de puntos asignados ás entidades concorrentes na liña 2.

Liña 3 (Entidades deportivas de alta competición).

O baremo aplicable ás solicitudes efectuarase segundo os seguintes criterios:

a. Posto do equipo sénior en liga regular que dispute máis de 20 xornadas, entre 12 e 20 xornadas e ligas ata 12 xornadas, incluíndo as tres primeiras categorías nacionais semiprofesionais e non profesionais. Este criterio, reflíctese no certificado federativo, facendo referencia ao posto (Anexo IX).

Se o período de entrega de documentación é anterior á finalización da liga, a entidade deportiva deberá remitir o certificado federativo co posto ao momento de finalización da liga.

Para a consideración de competición como liga, considerarase a definición prevista na Base segunda destas bases.



Posto en liga regular >20 xornadas					
Máx. Cat	Puntos	2ª cat.	Puntos	3ª cat.	Puntos
1º-6º	900	1º-6º	450	1º-6º	225
7º-12º	400	7º-12º	200	7º-12º	100
13º en diante	150	13º en diante	75	13º en diante	35
Posto en liga regular entre 12 e 20 xornadas					
Máx. Cat	Puntos	2º cat.	Puntos	3º cat.	Puntos
- 1º-3º	400	- 1º-3º	200	- 1º-3º	100
- 4º-8º	200	- 4º-8º	100	- 4º-8º	50
Posto en liga regular ata 12 xornadas					
Máx. Cat	Puntos	2ª cat.	Puntos	3ª cat.	Puntos
1º-3º	200	1º-3º	100	1º-3º	50
4º-8º	50	4º-8º	25	4º-8º	12,5

b. Ascenso a unha categoría superior de liga, seguindo as consideracións da base segunda. Baremarase o número de xornadas de liga, como definición da dificultade.

Ascenso en ligas regulares	
Nº xornadas	Puntos
12 o máis xornadas	200
De 1 a 11 xornadas	100

c. Posto en liga regular do segundo equipo dentro dun mesmo club.

Este segundo equipo poderá militar en categoría igual ou inferior do que figure na solicitude de primeiro equipo. En categorías masculina e/ou feminina, sen valorarse categorías inferiores, só en deportes de equipo.

Clasificación obtida por un segundo equipo (non categ. menores)	
Posto	Puntos
1º-3º	100
4º-8º	50

d. Clasificación obtida nas Copa de España, do Rei ou da Raíña segundo a denominación federativa da competición nacional por concentración.

Clasificación obtida por primeiro equipo en copa España	
Posto	Puntos
1º-3º	200
4º-8º	50



e. Clasificación obtida nas Copa de Galicia, Xunta de Galicia segundo a definición federativa da competición autonómica de máximo nivel por concentración.

Clasificación obtida por primeiro equipo en copa Galicia	
Máx. Cat	Puntos
1º-3º	50
4º-8º	25

f. Valoración da consideración deportiva de deporte colectivo ou deporte individual.

Considerarase deporte colectivo aquel en que a única categoría de participación competitiva sexa en grupo, sen que existan modalidades individuais dentro do deporte ou se valore individualmente para un global por equipos.

Deportes individuais/colectivos	
Tipoloxía	Puntos
Deporte equipo	300
Deporte Individual	100

g. A organización das ligas realízase por agrupacións territoriais, ou zonas é única en todo o territorio.

Ligas con agrupación territorial/ sen agrupación	
Sen agrup. Territorial	300
Agrup. Territorial	100

h. Valoración do montante global de quilómetros percorridos polo primeiro equipo na liga regular, tanto en ida como en volta, ao ser o obxecto deste criterio cubrir parte dos gastos vinculados a este desprazamento.

Quilometraxes percorridos en ligas	
Quilómetros	Puntos
> 5.000 km.	500
> 4.000 km.	300
>3.000 km.	200
>1.500 km.	100
>750 km.	50



i. Posto obtido polo primeiro ou segundo equipo sénior da entidade en competicións federadas de visualización, fomento e/ou potenciación do deporte feminino. (Copa Iberdrola, Universo Muller, ...).

Competicións nacionais	
Promoción deporte feminino	
Posto	Puntos
1º-3º	200
4º-8º	100

j. Número de medallistas en Campionatos oficiais de España obtidos polo club solicitante, nas distintas categorías sempre que participen máis de 8 deportistas en proba e categoría pertencentes a máis de catro comunidades autónomas.

Medallistas en campionatos de España (só individuais)	
Número	Puntos
13 en diante	200
De 8 a 12	100

k. Número de contratos laborais, de persoal técnico do club.

Nesta categoría inclúense tanto persoal que realiza tarefas administrativas, de comunicación ou contables, adestradores e persoal técnico, psicólogos, fisioterapeutas, sempre que estean debidamente dados de alta na Seguridade Social, figurando no contrato de traballo como contratante a entidade solicitante da subvención.

Contratos laborais de persoal no club (administrativos, adestradores, psicólogos, fisioterapeutas, ... *)	
Número	Puntos
>5	400
3 ó 4	300
1 ó 2	150

l. Número de adestradores e persoal técnico do club con grao/licenciatura universitaria en Ciencias da Actividade Física e Deporte, ou adestradores co máximo nivel formativo (Nivel III) outorgado pola vía académica ou deportiva.

Lic.grao cadyde/adestrador nivel III	
Número	Puntos
>5	400
3 ó 4	300
1 ó 2	150



m. Outros aspectos obxecto de valoración.

Valoración polo instrutor do procedemento do proxecto e viabilidade deportiva, segundo os documentos achegados na solicitude. Os datos, documentos gráficos e calquera outra información que figure na memoria ou no resto de informes terán carácter de declaración responsable.

Os aspectos a valorar serán os seguintes:

- Difusión social. (Ata 15 puntos). Número de socios, pais, actividades de promoción, visualización do deporte, da actividade física e a saúde. Actos, campamentos, xornadas que faciliten a conciliación familiar. Deportistas en risco de exclusión social integrados na estrutura do club.

Proxectos de atención á diversidade, de deporte inclusivo, e campañas de difusión da entidade desenvolvidas no período subvencionado ou colaboración con outras entidades para a consecución destes obxectivos.

Difusión da actividade en redes sociais, así como do apoio da entidade subvencionadora á actividade desenvolta.

Cuantificación do impacto directo indirecto da actividade desenvolta en termos económicos e de masa social.

Estes aspectos se recollerán na Memoria, segundo requirimento da base 5ª.1.g

- Alugueiro de instalacións deportivas non municipais. (Ata 15 puntos). Contrato de aluguer e facturas de pagamento correspondentes ao uso de instalacións deportivas non municipais, non dependentes do organismo municipal. Segundo requirimento da base 5ª.1.i.

A razón de 3 puntos por cada 900,00€ facturados.

- Participación de equipos femininos en competicións oficiais do club solicitante. Estes aspectos se recollerán na Memoria, segundo recolle na base 5ª.1.g, e no certificado federativo, segundo Anexo IX. (Ata 5 puntos).

- Colaboración en actos, cerimonia, congresos, eventos deportivos e/ou calquera tipo de actos organizados polo Consello Municipal de Deportes. Segundo requirimento da base 5ª.1.h. (Ata 5 puntos).

Proxecto deportivo	
Número	Puntos
>=32	800
De 31 a 22	500
Ata 21 puntos	200

Base 8ª. Tramitación do procedemento

As solicitudes tramitaranse de conformidade co previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As deficiencias e as omisións na solicitude e restante documentación preceptiva deberán emendarse no prazo de dez días desde o requirimento efectuado por medio da sede electrónica do Con-



sello Municipal de Deportes. De non efectuar a corrección no prazo indicado terase por desistido da súa petición conforme ao previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Unha vez pechado o prazo de admisión das solicitudes non se poderá incluír nova documentación agás a requirida expresamente polo CMD.

A instrución do procedemento de concesión das subvencións correspóndelle á Xerencia do CMD que realizará cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos achegados polas entidades solicitantes.

As solicitudes de subvencións pola liña 1 serán instruídas e resoltas de forma individualizada. O instrutor do expediente realizará un informe con proposta de resolución dirixido ao Consello Reitor como órgano competente para resolver o expediente.

A instrución das solicitudes polas liñas 2 e 3 realizarase de forma conxunta. Unha vez finalizado o prazo de presentación das solicitudes e realizado o trámite de emenda conforme ó previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, o instrutor do procedemento fará un informe con proposta de resolución para a aprobación da listaxe provisional de entidades admitidas e excluídas por decreto da Presidencia do Consello. O decreto será obxecto de publicación no taboleiro de anuncios da sede electrónica e na páxina web do CMD e determinará a apertura dun prazo de alegacións de dez días hábiles para a presentación de reclamacións. Unha vez finalizado o prazo de alegacións o instrutor do procedemento realizará unha proposta de resolución para a aprobación da listaxe definitiva das entidades admitidas e excluídas na convocatoria.

O instrutor comezará o exame das solicitudes presentadas polas entidades que presentan solicitude pola liña 3 aos efectos de determinar aquelas entidades que non alcanzan a puntuación para poder obter subvención por esta liña e, en consecuencia, pasen a ser valoradas conforme ós criterios da liña 2. O instrutor deixará constancia a través de informes de todos os actos de instrución que serán incorporados ó expediente administrativo.

O órgano colexiado encargado de emitir o informe de avaliación estará constituído polo presidente do CMD ou unha persoa en quen delegue en calidade de presidente; o/a secretario/a do CMD ou funcionario/a que o/a substitúa; o/a interventor/a do CMD ou funcionario/a que o/a substitúa e o administrador do CMD ou persoa que o substitúa.

O órgano instrutor, unha vez finalizada a valoración das solicitudes, elevará unha proposta de resolución ao Consello Reitor como órgano competente para a concesión das subvencións.

O prazo para a resolución das peticións de subvención será de seis meses. Ao vencemento deste prazo, se non se produce comunicación de resolución, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Toda publicación/notificación, sexa individual ou colectiva, que faga referencia a estas bases realizarase a través da sede electrónica do Consello Municipal de Deportes, e conforme ao recollido no artigo 14 da Lei 39/2015.

As entidades beneficiarias terán un prazo de 10 días, desde a notificación da resolución definitiva, para aceptar ou rexeitar a subvención, e de non se producir manifestación expresa entenderase aceptada tacitamente.



Contra as resolucións ditadas que poñan fin ao procedemento administrativo, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o órgano que os ditou no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, sen prexuízo da interposición de calquera outro que se estime conveniente.

Base 9ª. Límites importe subvencionado e modificación das subvencións

A porcentaxe subvencionable non poderá exceder o 75% do custo da actividade, agás que se trate de actividades de especial interese público ou social, debidamente xustificado no expediente.

O importe máximo da subvención a percibir por unha entidade a través da Liña 2 será de 30.000,00 €.

No caso da Liña 3 os clubs que obteñan as catro maiores puntuacións serán os beneficiarios da subvención por esta vía, percibindo o importe de 40.000,00 € por entidade.

O resto de entidades solicitantes da liña 3 que non obteñan subvención pasarán automaticamente a valoración segundo os criterios aplicables na liña 2.

Calquera alteración das condicións consideradas para a determinación da subvención poderá dar lugar á modificación da resolución da concesión e, en todo caso, a obtención doutras achegas concorrentes permitidas nestas bases. Para os efectos de estimar a gradación dos incumprimentos utilizaranse as desviacións detectadas nos parámetros de valoración.

Base 10ª. Gastos subvencionables

Son gastos subvencionables aqueles que respondan á natureza da actividade subvencionada.

Os conceptos obxecto de subvención serán, exclusivamente:

- Gastos de oficina.
- Adquisición de trofeos ou material deportivo.
- Publicidade da actividade da entidade.
- Adquisición, reposición da caixa de urxencias e gastos médico-fisioterápicos, mascarillas, material desinfectante e material farmacéutico.
- Liquidación de gastos efectuados a monitores/as, adestradores/as e profesores/as de escolas deportivas e equipos de competición da entidade ou outros profesionais relacionados coa práctica deportiva.
 - Mantemento, aloxamento e desprazamento de deportistas.
 - Dereitos de arbitraje.
 - Licenzas, mutualidade deportiva e inscricións en competicións.
 - Seguros de accidentes ou de responsabilidade civil.
 - Cantidades satisfeitas por utilización de instalacións deportivas.
 - Acondicionamento de instalacións e espazos para probas puntuais ou uso regular.
 - Gastos derivados da contratación de persoal, incluíndo salario, cotas da Seguridade Social e as retencións do IRPF practicadas.



- Liquidacións de axudas de custo por desprazamentos: como documentos acreditativos por este concepto deberá achegarse unha relación desagregada de todos os gastos, e en particular: o lugar de desprazamento, datas, motivo e medios de locomoción empregados e xustificantes orixinais (billetes do transporte público ou colectivo utilizado, facturas de hotel, etc.) de acordo co modelo que figura no anexo VIII. No caso de gastos en concepto de desprazamentos ou mantemento de deportistas mediante o modelo que figura no anexo VIII, sen a correlativa presentación de facturas xustificativas, admitirase un máximo do 40% da contía subvencionada.

En canto ás relacións de responsabilidade que deriven do carácter contractual entre a entidade beneficiaria e o persoal contratado, serán de única e exclusiva responsabilidade da entidade beneficiaria.

- Gastos directamente relacionados e indispensables para a preparación e execución da actividade subvencionada. A estes efectos, os gastos financeiros e de garantía bancaria só serán subvencionables cando respondan a operacións que se salden no período de xustificación e teñan como finalidade única financiar a actividade obxecto de achega.

Non terá consideración de gasto subvencionable o IVE soportado cando a entidade deportiva presente liquidación por IVE. Neste caso, computarase exclusivamente a base impositiva do soporte xustificativo.

A xustificación de pagos a profesionais e perceptores que estean suxeitos a IRPF realizarase polo líquido da correspondente factura emitida polo servizo prestado. A xustificación das retencións do IRPF realizarase mediante a carta de pago (modelo 111) da Axencia Tributaria.

No caso de transporte en vehículo particular, o importe recibido por quilómetro recorrido virá establecido pola cantidade máxima que se atope en vigor exenta de gravame de IRPF pola Fazenda Estatal. O mesmo criterio (máximo en vigor exento de IRPF) aplicarase para os gastos de mantención e aloxamento.

Base 11ª. Xustificación

Os beneficiarios terán que achegar xustificación documental do cumprimento da realización da actividade subvencionada, das condicións impostas na concesión, medios de difusión empregados e resultados obtidos. A conta xustificativa estará integrada polos seguintes documentos:

a) Memoria detallada que inclúa declaración responsable das actividades realizadas, financiadas coa subvención e o seu custo, con documentos que acrediten a realización desta (fotografías, vinilos, recortes de prensa, trípticos, carteis, camisetas, etc.), no que se inclúa soporte informativo de difusión da actividade subvencionada.

b) Achegar información gráfica da publicación, publicidade, vestimenta deportiva de adestramento e competición, no que figuren os logotipos do CMD e do Concello de Ourense, como entidades que subvencionan a súa actividade e que deberán figurar, inescusablemente, en todos aqueles actos ou actividades obxecto de subvención.

c) Certificación federativa ou documento probatorio de clasificacións e resultados oficiais da participación en competicións regulares e, no caso de eventos ou escolas deportivas, mediante comunicación de datos relevantes (inscricións, participantes, resultados...), xunto co anexo V cuberto



integramente cos desprazamentos efectivamente realizados. No caso de probas individuais marcaranse ou puntearanse os documentos que acrediten a participación dos deportistas da entidade.

d) Solicitude de pago da subvención concedida subscriba polo presidente da entidade e dirixida ao presidente do CMD (anexo VI).

e) Liquidación do orzamento de Ingresos e Gastos (anexo IV), conformada polo presidente e secretario da entidade.

f) Relación numerada dos documentos xustificativos de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada, que coincidirá co total de gastos da liquidación do orzamento indicado no anexo IV, con expresión mínima da data, proveedor, obxecto facturado, importe total do documento, data e forma de pago, asinada polo secretario da entidade e co visto bo do presidente (anexo VII) e facendo constar cales deles son aplicados á xustificación da subvención concedida polo CMD, sendo estes relacionados correlativamente en primeiro lugar do anexo, totalizándose ao final da súa enumeración, e cales serviron para xustificar en axudas outorgadas por outras entidades públicas.

As facturas aplicadas á xustificación da subvención do CMD deberán cumprir os requisitos estipulados nas bases 10ª e 13ª das presentes bases.

As entidades que reciban subvencións pola liña 3 e pola liña 2 cun importe superior a 25.000 euros, deberán presentar a maiores da documentación anterior as contas oficiais aprobadas da anualidade anterior ao ano da convocatoria ou tempada obxecto de subvención (deberá conter, polo menos, a conta de perdas e ganancias, balance de situación, diario de operacións e memoria).

g) As entidades beneficiarias de axudas pola liña 1 deberán presentar as facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil, administrativo ou laboral, por importe mínimo equivalente á cantidade subvencionada e con acreditación de estar pagadas, segundo se recolle na base 13ª.

h) O beneficiario deberá incluír unha declaración responsable de estar ao corrente dos seus deberes tributarios e coa Seguridade Social. Os que reciban unha subvención por importe igual ou superior a 3.000,00 € terán que achegar as correspondentes certificacións positivas de atoparse o corrente nos seus deberes tributarios coas facendas estatal, autonómica e a Seguridade Social.

Base 12ª. Prazos de presentación da xustificación.

A xustificación deberá presentarse, sen prexuízo do sometemento ás actuacións de comprobación que fosen precisas, nos seguintes prazos:

a) Actividades realizadas con anterioridade á concesión da subvención pola liña 1: no prazo dun mes desde a notificación do acordo de concesión da subvención.

b) Actividades realizadas con posterioridade á concesión da subvención pola liña 1: no prazo dun mes desde a data da finalización da actividade subvencionada.

c) Nas subvencións da liñas 2 e 3 no prazo dun mes desde a data de notificación do acordo de concesión da subvención.



Unha vez transcorrido o prazo establecido de xustificación sen que se presentase esta, o instructor do expediente requiriralle ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada a xustificación para os efectos do que determina o capítulo II do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A falta de presentación da xustificación no prazo indicado no requirimento levará consigo a perda de dereito da subvención, a esixencia do reintegro das cantidades a conta recibidas e demais responsabilidades establecidas na lexislación vixente en materia de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional dos quince días non eximirá ao beneficiario das sancións que, conforme á lexislación en materia de subvencións, correspondan.

Base 13ª. Forma de xustificación económica

A xustificación dos gastos imputados á subvención concedida polo CMD ao abeiro destas bases realizarase a través dos seguintes documentos:

- Facturas expedidas a nome do destinatario, que deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no RD 1619/2012, do 30 de novembro.
- Liquidacións expedidas polas federacións deportivas ou colexios de árbitros/xuíces.
- Póliza de seguros de accidentes ou de responsabilidade civil.
- Cartas de pago pola utilización de instalacións deportivas.
- Nóminas, TC.
- Liquidacións de axudas de custo por desprazamentos, seguindo o anexo VIII.

Os gastos corresponderán á actividade ou tempada subvencionada.

Os documentos que se xunten como xustificantes da subvención que fagan referencia á tempada deportiva deberán estar datados no período comprendido entre o inicio e a data de peche da tempada cuxo proxecto foi obxecto de subvención. As que fan referencia ás actividades realizadas no último trimestre do ano precedente poderán estar datados incluso, nese período do ano.

Nos casos que se requira comprobación documental, aportarase o orixinal e unha copia de cada un dos documentos que se presenten para a súa compulsa.

Os pagos dos documentos presentados para a xustificación deberán cumprir as seguintes normas:

- Pagos en efectivo ata un máximo de 300 € por receptor: factura selada e asinada pola persoa responsable do cobro ou ben acompañada de ticket de caixa.
- Resto de pagos: factura ou documento xustificativo máis a presentación do documento bancario no que conste o terceiro a quen vai dirixido o pago, concepto e data en que foi realizado.

Base 14ª. Compatibilidade con outras axudas ou subvencións percibidas de entidades públicas

As subvencións concedidas ao abeiro destas bases reguladoras son compatibles con outras axudas. Os ingresos directamente relacionados co obxecto da subvención non poderán exceder do 100% do gasto subvencionado.

Nos supostos nos que da conta xustificativa ou do proceso de comprobación se deduza que a actividade obtivo axudas ou subvencións públicas por importe superior ao 100% do seu custo, reducirase proporcionalmente a axuda concedida polo CMD na contía necesaria.



Base 15ª. Comprobación da aplicación da subvención e control financeiro

Unha vez rematado o procedemento de aprobación das contas xustificativas efectuarase o control financeiro ao que fai referencia o Título III da Lei xeral de subvencións, e os artigos 41 e seguintes da Lei 09/2007, de subvencións de Galicia, sobre unha mostra representativa de expedientes que poderá alcanzar ata un 10% dos beneficiarios e/ou entidades.

A selección dos beneficiarios sometidos ás actuacións de control financeiro realizarase mediante sorteo polo Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes ou por proposta motivada do Órgano Instrutor ou da Intervención do CMD. Aos beneficiarios afectados comunicáraselles a natureza e o alcance das actuacións de control, así como a documentación que deberán poñer a disposición dos órganos de control do Consello Municipal de Deportes.

O desenvolvemento do control financeiro corresponderalle á Intervención municipal, ben sexa directamente, ben a través do administrador do Consello Municipal de Deportes.

Para tal fin, as actuacións de control estenderanse a todos os datos achegados polo beneficiario nas súas xustificacións, sexan tanto deportivos como económicos, e realizaranse sobre o exame de documentación orixinal de carácter probatorio con respecto ás actividades desenvolvidas, cos seus correspondentes comprobantes de gastos e ingresos e que figuren na conta xustificativa presentada.

Unha vez finalizadas as actuacións de control financeiro, elevarase ao Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes un informe sobre as incidencias detectadas, sen prexuízo de calquera outro tipo de actuación que poida resultar procedente, incluídas no seu caso, as dirixidas á esixencia de reintegros das subvencións concedidas.

Base 16ª. Reintegro e perda do dereito á subvención. Incumprimentos e sancións

En caso de incumprimento da entidade dos deberes recollidos nas presentes bases, na convocatoria, no procedemento de concesión ou demais normativa aplicable, tramitarase o expediente de reintegro ou perda de dereito, segundo se recolle no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo que devolver parcial ou totalmente a subvención percibida ou, se é o caso, de perda do dereito á subvención concedida.

Unha vez tramitado o expediente de reintegro ou declaración da perda de dereito á subvención, concederáselle ao interesado un prazo de quince días hábiles para que poida comparecer no expediente, tomar audiencia e, á vista deste, propoñer as probas e realizar as alegacións que teña por conveniente. Unha vez concluídas estas actuacións e emitidos os informes oportunos, ditará a resolución que corresponda o Consello Reitor do CMD.

No suposto de observar incumprimentos do proxecto e alteracións das condicións tidas en conta para a concesión de subvencións, ou non acreditar a realización do gasto que serviu de base para concesión da subvención, o Consello Reitor do CMD poderá modificar a resolución de concesión, reducindo proporcionalmente os importes desta. En concreto, se non se executan os orzamentos de gastos presentados para a solicitude da subvención, o importe da axuda reducirase proporcionalmente.

As deficiencias non susceptibles de emenda que se observen na conta xustificativa que presente o beneficiario darán lugar ao reintegro das entregas a conta realizadas e á esixencia do xuro de



mora correspondente desde o momento do pago da subvención ata a data en que se acorde a orixe do reintegro.

Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases reguladoras seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Base 17ª. Pago

O pagamento da axuda concedida efectuarase logo de que se a conta xustificativa sexa aprobada polo Consello Reitor do Consello Municipal de Deportes.

Con carácter previo á xustificación da aplicación da axuda económica outorgada e sempre que as necesidades da Tesourería do club así o xustifiquen, poderán efectuarse entregas a conta de acordo coas seguintes regras :

- En concepto de pagamento anticipado, ata un máximo do 50% do importe subvencionado, previa petición do interesado, e atendendo as dispoñibilidades líquidas do Consello Municipal de Deportes. Coa solicitude achegaranse os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias das facendas estatal e autonómica e de Seguridade Social.

A solicitude anticipo será resolta por decreto da Presidencia do CMD, previo o informe da Xefatura de Administración do CMD.

O importe da axuda quedará afectado ao aseguramento das obrigas da entidade beneficiaria co Consello Municipal de Deportes e mais co Concello de Ourense. Para estes efectos a Administración do Consello Municipal de Deportes, procederá a reter e compensar a cantidade suficiente con cargo a dita axuda. Para tal efecto aplicarase o mecanismo de compensación de débedas coa facenda pública por ingresos de dereito público previsto no artigo 58 do Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento de recadación.

O Consello Municipal de Deportes non realizará ningún pagamento da subvención en tanto o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non teña pendentes de pagamento ningunha outra débeda co Consello Municipal de Deportes ou Concello de Ourense.

Base 18ª. Deberes das entidades ás que se lles conceda subvención

Ademais dos deberes dispostos na normativa de aplicación, as entidades ás que se lles conceda unha subvención ao abeiro destas bases obríganse a:

- Non modificar o programa aprobado da actividade subvencionada sen expresa autorización do CMD, excepto causa de forza maior. O incumprimento total ou parcial do obxectivo, actividade ou proxecto comportará o reintegro proporcional da subvención ou ao seu rateo.

- Facer explícita a colaboración económica do CMD e do Concello de Ourense en todos os actos de comunicación organizados ou nos que participe a entidade dun xeito prioritario. Terá que figurar a imaxe corporativa do CMD e do Concello de Ourense nos equipamentos deportivos dun xeito visible, así como en cantas accións de comunicación pública e soportes informativos se realicen (carteis, trípticos, cuñas de publicidade, comunicacións, anuncios, páxina web da entidade, redes sociais). O CMD requirirá, en calquera momento anterior ao libramento da subvención, canta docu-



mentación ou medios gráficos ou mostras de equipamentos que considere oportunos para comprobar que se realizaron.

- Achegar constancia gráfica da actividade (só en formato dixital).
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida polo CMD, pola Intervención Xeral Municipal, Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, Tribunal de Contas e o Consello de Contas no exercicio das súas funcións de comprobación, fiscalización e control do destino das subvencións.
- Permitir a verificación das actividades financiadas coa subvención. O persoal do CMD terá acceso libre ás instalacións onde se desenvolva a actividade subvencionada.
- Xustificar a subvención concedida de acordo con estas bases reguladoras.
- Colaborar cos programas e actividades deportivas do CMD cando se requira.

Base 19ª. Normativa aplicable

En todo o non especificado nas presentes bases, estarase ao disposto na Ordenanza xeral municipal de subvencións (BOP do 9 de xullo de 2005), na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 38/2003, xeral de subvencións e, supletoriamente, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, que aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia ou normativa que as substitúa e no RD 887/2006, do 17 de novembro. En materia de procedemento administrativo, á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Base 20ª. Entrada en vigor

Estas bases reguladoras entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP de Ourense, e permanecerán vixente ata a súa modificación ou derogación. A aprobación destas bases supón a derogación expresa das bases publicadas no BOP núm. 119, do 28.05.2021.”

Réxime de recursos. Contra o acordo de aprobación das bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer alternativamente un recurso de reposición potestativo ante o mesmo órgano que ditou o acto no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao da publicación do anuncio, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, que contarán desde o día seguinte ao da publicación, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa. Si se optase por interpor o recurso de reposición potestativo non poderá interpor o recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso ou acción que se considere procedente.

Ourense, na data da sinatura electrónica. O presidente do CMD.

Asdo.: Aníbal Pereira Novoa.

R. 1.521

